

## ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Dirección do proxecto	
Nome: Juan José Hermida Lago	
Enderezo electrónico: jhermida@edu.xunta.gal	Teléfono: 656 468 702
Co-dirección do proxecto	
Nome: M <sup>a</sup> Elsa Vázquez Otero	
Enderezo electrónico: eotero@uvigo.es	Teléfono: 986812579
Nome: Celia Olabarría Uzquiano	
Enderezo electrónico: colabarria@uvigo.es	Teléfono: 986812559
Bienio	2021 – 2023
Número de participantes (máx. 4)	Marta Pereira Álvarez

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da Uvigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

### Título

**Estudo da poboación de berberecho (*Cerastoderma edule*) da Foz do Miñor (A Ramallosa-Niugrán)**

### Resumo

A confraría de pescadores “A Anunciada” de Baiona, explotou de maneira tradicional a poboación de berberecho (*C. edule*) no esteiro do Río Miñor de A Ramallosa (Nigrán). A explotación deste recurso pesqueiro supoñía para a confraría un importante ingreso económico ó cabo do ano. Porén, os elevados niveis de contaminación fecal obrigaron á declaración da Foz do Miñor como zona pechada ó marisqueo polo que este banco de berberecho deixou de xerar beneficios económicos para a comunidade de mariscadores e mariscadoras. Dende entón, esta poboación de berberecho continua a ser monitorizada e ofrece un escenario idóneo para o estudo da dinámica poboacional desta especie nun espazo no que non se desenvolve a actividade marisqueira e polo tanto a dinámica poboacional tan só depende de factores naturais.

### Obxectivo

Estudar a dinámica poboacional do berberecho da Foz do Miñor e identificar as causas das súas fluctuacións.

### Plan de traballo

O proxecto de investigación desenvolverase en tres fases:

**FASE 1. Contextualización do problema.** Durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022 (set-dec), a alumna redactará o proxecto para o que deberá realizar unha búsqueda bibliográfica coa finalidade de establecer o marco teórico da investigación.

**FASE 2. Obtención de datos.** Durante o primeiro semestre de 2022 (xan-xuñ), a alumna desenvolverá a metodoloxía deseñada no proxecto para obter e analizar os datos necesarios para cubrir os seus obxectivos.

**FASE 3. Redacción da memoria.** Durante o primeiro trimestre do curso 2022/2023 (set-dec) e o primeiro trimestre de 2023 (xan-mar), a alumna redactará a memoria onde ademais de recoller todo o proceso realizado presentará as súas conclusións. Asimesmo, preparará a lectura e defensa do traballo.